

# **COMENTARIOS DE TEXTO**

Os textos son fontes de información que usan os historiadores para reconstruír os feitos do pasado. Á hora de comentar un texto histórico primeiro cómpre identificar a información que contén e despois interpretala e relacionala co contexto no que se escribiu.

Vexamos os pasos a seguir:

## **1.- Lectura detida e comprensión do texto.**

Le o texto detidamente por parágrafos ou na súa totalidade, se é curto, ata que o captes por completo.

Subliña as palabras ou expresións esenciais do mesmo, as cales ofrecerán a chave do comentario a realizar posteriormente.

## **2.- Elaboración da introdución e identificación.**

### **2.1 Autor/a.**

Indicar que é o autor, xeralmente irá indicado no texto. Non é necesario expor a súa biografía completa, pero si facer alusión a aqueles aspectos da súa personalidade, carácter ou ideoloxía que poidan influír sobre o escrito e faciliten a súa comprensión.

Hai ocasións nas que o que asina non é o autor do texto (por exemplo un decreto elaborado por un ministro e asinado polo rei) ou non se pode falar dun autor individual senón colectivo (por exemplo una constitución).

### **2.2 Natureza do texto.**

Pode ser de carácter político (discursos), xurídico (leis, tratados), económico (contratos, estatísticas), testemuñal (relatos de viaxes, cartas). Segundo o seu destinatario poden ser públicos ou privados.

### **2.3 Localización cronolóxica e temática.**

Todo texto debe ser situado no espazo e no tempo no que se produciu, debe ser ubicado no seu contexto histórico e explicar as peculiaridades da época.

En síntese, a introdución de todo comentario debe precisar a clase de texto de que se trata, a que asunto se refire, quen o redactou e cando e onde se escribiu. Estes aspectos constitúen una especie de plantilla aplicable a calquera tipo de texto.

### **3.- Análise e explicación do texto.**

Esta é a parte máis importante, xa que o comentario propiamente dito consiste en comprender e explicar a esencia da mensaxe histórica contida no texto, e por iso dita explicación debe referirse tanto ós aspectos explícitos como ós implícitamente implicados.

O método máis lóxico consiste en extraer as ideas fundamentais e ordealas nun conxunto para pasar despois a analízalas.

Hai que ter en conta que o comentario debe tender sempre a clarexar o texto, non consiste en repetilo con outras palabras. Clarexalo significa explicar polo miúdo, analizando as ideas principais e sintetizando o contido. A forma de exponer o comentario debe ser concisa, con expresións claras, sen repeticións literais do texto (agás se está xustificada, pola súa importancia e transcendencia, unha cita textual). Procura evitar as afirmacións rotundas e a agresividade, adoptando sempre unha postura obxectiva.

### **4.- Conclusión.**

Nesta parte final do comentario hai que realizar unha interpretación do contido no texto tendo en conta as circunstancias históricas nas que se escribe (aspectos sociais, económicos, etc.). Hai que ter en conta neste apartado:

- A proxección do texto, as causas e as súas consecuencias, falando da transcendencia do mesmo (Declaración dos Dereitos Humanos, Tratado de Versalles...).
- Facer unha valoración crítica do interese do texto, establecendo unhas conclusións nas que expliques a túa opinión persoal, tanto sobre o contido do texto como sobre a sinceridade do autor.

Unha derradeira recomendación, a análise de calquera texto histórico estará completa sempre que responda satisfactoriamente a unha pequena serie de cuestións que se poden resumir en:

|            |                                        |
|------------|----------------------------------------|
| QUÉ?       | Qué pasou?                             |
| QUEN?      | Quen foi o protagonista?               |
| CANDO?     | Situar cronoloxicamente os feitos.     |
| CÓMO?      | Descrición do acontecido.              |
| POR QUÉ?   | Explicación das causas dos feitos.     |
| E DESPOIS? | Explicar as consecuencias posteriores. |